

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL PARA A REALIZACIÓN DA XVI EDICIÓN DO PREMIO DE POESÍA AFUNDACIÓN

REUNIDOS

Dunha parte a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en adiante, “a Consellería”) e no seu nome e representación Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o que foi nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra a Fundación Galicia Obra Social (en adiante, “Afundación”) inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección da Consellería de Facenda, co 2013/12, CIF G 70.270.293; e no seu nome e representación, D. Pedro Antonio Otero Espinar, con DNI número 33275207A, en virtude da súa condición de xerente e apoderado consonte a, entre outros, o acordo adoptado polo Padroado de Afundación o 2 de setembro de 2014, elevado a público ante o Notario de A Coruña, D. Isidoro Calvo Vidal, o 5 de setembro de 2014, protocolo 690. "

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das Entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de creación e difusión cultural. Dentro dese ámbito de actuacións vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, promoción da cultura, do libro e da lectura para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.





Que a Consellería, a través da Secretaría Xeral de Cultura, e Afundación consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan desenvolver un programa para a realización dunha serie de actividades para alentar a creación poética e afianzar o sistema literario en galego, como a celebración da XVI edición do Premio de Poesía Afundación.

Que as asociacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro levan a acabo unha importante actividade cultural que contribúe ao desenvolvemento, mellora e difusión da nosa cultura, tanto na propia comunidade como cara ao exterior.

Que Afundación leva a cabo un importante labor social co obxectivo, entre outros, de contribuír co desenvolvemento da cultura galega en xeral e do sistema literario galego en particular, a través de iniciativas como o Premio de Poesía Afundación, que organiza co apoio do Centro PEN de Galicia.

De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2018, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos neste plan, nos que non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades culturais, afondando en novas vías de colaboración que facilitan a actividade dos artistas galegos e tamén daqueles asentados en Galicia, e que contribúan a achegarlle á sociedade o seu traballo creativo.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes nas que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Obxecto

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e Afundación, para desenvolver un programa conxunto encamiñado á realización dunha nova edición do Premio de Poesía Afundación, co desexo de alentar a





creación poética en galego e de contribuír, deste xeito, a afianzar o sistema literario na lingua propia de Galicia.

O Premio ten entre os seus obxectivos a promoción e difusión da creación literaria en lingua galega, en particular da poesía.

Bases da convocatoria do premio:

O XVI Premio de Poesía Afundación é unha iniciativa do Centro PEN de Galicia, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e da Fundación Galicia Obra Social (Afundación)

1. Poderán concorrer ao XVI Premio de Poesía Afundación autoras e autores de calquera nacionalidade, presentando unha soa obra escrito en lingua galega (segundo a normativa ortográfica vixente).
2. O premio, un e indivisible, está dotado con 6.000 €, cantidade da que se deducirán os correspondentes impostos.
3. As obras aspirantes, que deberán ter unha extensión mínima de 600 versos, serán inéditas na súa totalidade e non poderán estar presentadas simultaneamente a outros concursos.
4. Os orixinais deberanse presentar por quintuplicado, mecanografados e baixo lema. O mesmo lema deberá figurar no exterior dun sobre pechado que conteña os seguintes datos: título da obra, nome e apelidos da autora ou autor, fotocopia do DNI , enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono de contacto.
5. Os traballos deberanse enviar por correo postal ou empresa mensaxeira a: Sede Afundación. Rúa Policarpo Sanz, 24, 36202 – Vigo. Indicarase XVI Premio de Poesía Afundación no sobre.
6. O prazo de admisión rematará o 31 de maio de 2018. Excluíranse todos os envíos que leven data posterior.
7. O xurado cualificador estará constituído por cinco persoas de recoñecido labor no ámbito literario. Como presidente actuará o titular do Centro PEN de Galicia e como secretario, o director do centro PEN de Galicia. Corresponderalle ao xurado a interpretación destas bases e a súa decisión será inapelable.
8. A decisión do xurado do XVI Premio de Poesía Afundación farase pública, a través dos medios de comunicación, no verán de 2018.





9. Poderase declarar o premio deserto, de non existiren obras de calidade adecuada a xuízo do xurado.
10. A obra premiada publicarase na colección Arte de Trobar do Centro PEN de Galicia, e renunciará a autora ou autor, na primeira edición, aos dereitos que puidesen corresponderlle. De existiren posteriores edicións, deberase facer constar nelas que a obra recibiu o XVI Premio de Poesía Afundación.
11. Non se devolverán os orixinais nin se admitirán reclamacións sobre eles. O feito de presentarse ao XVI Premio de Poesía Afundación implica a aceptación por parte dos participantes das presentes bases na súa totalidade.

SEGUNDA.- Obrigas de Afundación

Afundación encargarse de organizar e apoiar economicamente a actividade: xestionará e executará todas as actividades que teñan relación co premio, tales como elaboración das bases, convocatorias, circulares, documentación, organización dos actos de presentación e de entrega do premio, facilitándolle as infraestruturas e os medios necesarios ao persoal que interveña nestas tarefas.

Afundación comprométese a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

De acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e co artigo 37.5 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, con anterioridade á sinatura do convenio, será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade.

A Fundación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar as certificacións acreditativas de que se





atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

Afundación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

TERCEIRA.- Financiamento

Para a realización conxunta das actividades, o importe total ascende a 13.000 €.

A Consellería contribuirá no desenvolvemento das actividades previstas neste convenio coa achega de 6.500 €, (IVE incluído), para o que existe crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 10.20.432A.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

A entidade Afundación achegará medios materiais, recursos humanos e técnicos precisos para a realización das actividades e financiará gasto por importe de 6.500 € (IVE incluído).

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

CUARTA.- Xustificación dos gastos

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

O prazo para xustificar as iniciativas realizadas coa convocatoria e desenvolvemento do premio remata o 15 de decembro de 2018.

Logo da realización da actividade prevista no obxecto do convenio, Afundación entregarlle á Consellería o informe final sobre o desenvolvemento do premio. A consellería, unha vez



entregado o dito informe, realizará o libramento da cantidade establecida, logo da presentación das facturas que xustifiquen os gastos realizados para a consecución desta iniciativa, ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e acompañadas da correspondente certificación dos gastos.

Aos efectos desta xustificación, consideraranse os gastos realizados no ano 2018 a partir da data de sinatura do presente convenio e que respondan á natureza da actividade realizada.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diminuírase proporcionalmente.

A Fundación responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

QUINTA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, Afundación acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA- Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes

Os resultados froito deste convenio, tales como dípticos, catálogos, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Afundación. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas as dúas partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

A Consellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.



En calquera caso Afundación poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

SÉTIMA.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2018.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura ou a persoa en quen delegue, e polo xerente de Afundación ou a persoa que designe en substitución.

NOVENA.- Modificación denuncia e rescisión do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.





DÉCIMA.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Normativa aplicable e xurisdición

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.





As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

Pola Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Pola Fundación Galicia Obra Social

Román Rodríguez González

Pedro Otero Espinar

